

***Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e a Federación Galega de Asociacións de Persoas con Diabetes (FEGADI) para o coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos de vida saudables***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

**DECLARA:**

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Federación Galega de Asociacións de Persoas con Diabetes (FEGADI) para o coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos de vida saudables o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2028-2029, isto é o día 31 de agosto de 2029, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Galega de Asociacións de Persoas con Diabetes (FEGADI) para o coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos de



vida saudables nas accións dirixidas ao coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos de vida saudable.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a FEGADI é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, creada para defender os dereitos, mellorar a calidade de vida e unificar a voz de



todas as persoas con diabetes en Galicia, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

- a) Promover e desenvolver accións que tendan a mellorar a calidade asistencial e social das persoas con diabetes.
- b) Colaborar na medida do posible na potenciación da investigación científica con relación á diabetoloxía.
- c) Orientar, coordinar e representar os membros de FEGADI ante os órganos da Administración Autonómica.
- d) Potenciar a Educación Diabetolóxica en todas as súas vertentes.
- e) Fomentarase a participación dos membros de cada Asociación nas actividades das demais.
- f) Calquera outro fin non mencionado que sirva para a axuda integral da persoa con Diabetes.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no desenvolvemento de accións dirixidas ao coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos de vida saudable, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

